

Anuncio de sometemento a información pública en relación coa adecuación ambiental do aproveitamento hidroeléctrico no río Pombeiro, no concello de Cerdido, A Coruña. (Exp. 15/068/2/3)

Hidroeléctrica de Pombeiro, SA, empresa concesionaria do Salto de Pombeiro, presentou na data 22/03/2021 neste organismo de conca, o documento titulado *Proxecto modificado complementario de adecuación ambiental e minoración de efectos negativos da instalación: réxime de caudais, dispositivos de franqueo e protección da fauna. Marzo 2021*, solicitando autorización para a realización dunha serie de actuacións de adecuación ambiental do aproveitamento hidroeléctrica.

En cumprimento do disposto no artigo 52.2 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, sométense ao trámite de información pública o documento achegado en marzo de 2021, titulado *Proxecto modificado complementario de adecuación ambiental e minoración de efectos negativos da instalación: réxime de caudais, dispositivos de franqueo e protección da fauna. Marzo 2021*, nos que se recollen as seguintes actuacións a realizar:

- Instalación no azude dun dispositivo de franqueo piscícola.
- Disposición de elementos de protección da fauna acuática na toma do aproveitamento de referencia.
- Instalación de elementos de protección lateral na canle de derivación para evitar a caída de fauna terrestre ao seu interior.
- Disposición de pasos para fauna sobre a antedita canle.
- Instalación de dispositivos de protección da fauna na restitución e para evitar o efecto “chamada” das augas restituídas polo aproveitamento.
- Deseño de dispositivos de liberación e control do caudal ecolóxico, así como do caudal derivado polo aproveitamento hidroeléctrico.

O que se fai público aos efectos do seu coñecemento xeral, co fin de que aquelas persoas naturais ou xurídicas que se consideren afectadas nos seus dereitos poidan formular, por escrito, cantas alegacións, observacións, suxestións e reclamacións estimen procedentes, persoalmente ou por medio do seu representante con poder suficiente, e que poderán presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo improrrogable de 20 días, que comezará a computarse a partir da data de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

Para o suposto de ser un suxeito obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas ou de optar por este medio, o recurso deberá ser interposto a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) empregando o formulario normalizado dispoñible (IF321D - <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IF321D&ano=2020&numpub=1&lang=gl>).



Este anuncio, ademais da súa inserción no mencionado boletín, será obxecto de exposición ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Cerdido.

Para os expresados efectos, estará dispoñible unha copia da solicitude de autorización así como da documentación técnica achegada polo peticionario, para que poidan ser examinadas nas dependencias administrativas de Augas de Galicia, sitas na rúa Tomiño, 16, baixo, 15703 Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para o que deberá solicitar cita previa en calquera dos teléfonos seguintes: 981 543 961, 981 545 345 ou 981 545 476, así como nas dependencias do Concello de Cerdido e na páxina web deste organismo de conca <http://augasdeg Galicia.xunta.gal> (na sección denominada Participación Pública).

Santiago de Compostela (documento asinado dixitalmente)

O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

Roberto Arias Sánchez

